

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2024

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:30 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).
Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE).
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).
Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).

Non asiste:

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Secretario accidental:

Arturo José Fernández Prado

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO 25 DE DESEMBRO DE 2024.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia pregúntaselles aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria do 25 de setembro de 2024.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0):

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que quedan aprobado o borrador da acta da sesión ordinaria de 25 de setembro de 2024.

2.- APROBACIÓN INICIAL DE INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DA CORPORACIÓN.

A continuación dáse conta ao Pleno da proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“A resolución da Presidencia da Deputación número 2022/40170, de 26 de setembro de 2022, seleccionou a este Concello para incluílo na 1ª anualidade do Proxecto de Elaboración de Actualización dos inventarios de bens e dereitos para as entidades locais da provincia da Coruña, que desenvolve a Deputación, a través do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Municipios e a empresa Estudio Técnico Galego, S.A., que resultou adxudicataria da asistencia técnica.

O día 24 de novembro de 2023, entregouse neste Concello o Inventario municipal, en acto ao que concorreron representantes da Deputación e da empresa.

Revisada a documentación polos servizos técnicos, foi requerida á empresa Estudio Técnico S. A, adxudicataria da asistencia técnica, en varias ocasións, para a corrección dos erros detectados na documentación presentada o 24 de novembro de 2023.

O 16 de outubro de 2024, a empresa Estudio Técnico Galego S.A, adxudicataria da asistencia técnica, remite ao Concello o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Sobrado, unha vez realizadas as correccións oportunas.

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención.

Revisada a documentación polo servizos técnicos é necesario proceder á aprobación do Inventario xeral de todos os bens e dereitos pertencentes a esta Entidade Local, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.

Esta alcaldía, propón ao Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Inventario de bens e dereitos que corresponden a esta Entidade formado o día 16 de outubro de 2024 e cuxo resumo por epígrafes e epígrafes é o seguinte:

CATEGORÍA	EUROS
Inmobles	26.214.442,44 €
Dereitos Reais	
Mobles de carácter histórico-artístico ou de considerable valor económico	
Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal da corporación	
Vehículos	335.473,43 €
Semovientes	
Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados	176.171,02 €
Bens e dereitos reversibles	
TOTAL	26.726.086,89 €

SEGUNDO. Abrir un período de información pública polo prazo de 20 días mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente e formular alegacións no seu caso.

TERCEIRO. No caso de que non se presentaran alegacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación de inventario, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

CUARTO. Publicar a información actualizada no portal de transparencia municipal para os efectos de cumprir coa normativa Estatal e Autonómica nesta materia.

QUINTO. Remitir copia do inventario á Administración do Estado e ó órgano competente da Comunidade Autónoma (Dirección xeral de Administración Local), en Cumprimento do preceptuado no artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locais. ”

Tras as explicacións por parte da alcaldía da importancia e a utilidade de contar con un Inventario de bens e dereitos municipal, non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE),, , Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos

3.-RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS INFORMES DE REPARO SUSPENSIVO DE INTERVENCIÓN: EXPEDIENTE 2024/X999/000126.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2023/X999/0000126

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POR INTERVENCIÓN

Visto que con data 29/10/2024, formulouse reparo suspensivo pola Intervención deste Concello sobre as seguintes facturas polo importe **de 76.863,07€** :

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓN ORZAMENT	IMPORTE
ARTABRA COMUNICACION S.L.	Parte servizo de comunicación, analítica, xeración de contidos e xestión de redes sociais do Concello de Sobrado	FV-24- 322	01/08/2024	01/08/2024	912.22602	7.632,68
ESCALA 5.9 SLU	FESTA DA IRMANDADE (ACTUACIÓN ORQUESTA FURIA JOVEN E GRUPO ZONA ZERO)	Emit- 000110	08/10/2024	09/10/2024	338.22609	7.260,00
OSCAR CERNADAS MEIJIDE	ALUGUER DE SILLAS E MESAS PARA 200 PERSONAS O DÍA 28 DE XULLO DE 2024 NA ARMADA - SOBRADO	24 41	09/10/2024	09/10/2024	338.22699	726,00
OSCAR CERNADAS MEIJIDE	ALUGUER DE SILLAS E MESAS PARA 170 PERSONAS NA CIADELLA - SOBRADO O DÍA 9 DE AGOSTO DE 2024	24 43	09/10/2024	09/10/2024	338.22699	617,10
OSCAR CERNADAS MEIJIDE	ALUGUER DE SILLAS E MESAS PARA 900 PERSOAS O DÍA 10 DE AGOSTO DE 2024 PARA A FESTA DA TROITA EN SOBRADO	24 42	09/10/2024	09/10/2024	338.22699	3.267,00
OSCAR CERNADAS MEIJIDE	ALUGUER E MONTAXE	24 44	09/10/2024	09/10/2024	338.22699	1.815,00

	DE UNHA CARPA DE 7 x 24 METROS PARA A FEIRA DO 13 AO 17 DE AGOSTO NAS CRUCES - SOBRADO / ALUGUER DE ME					
OSCAR CERNADAS MEIJIDE	ALUGUER E MONTAXE DE UNHA CARPA DE 7 x 18 METROS PARA A FESTA CABALLERO O DÍA 7 DE SEPTEMBRO DE 2024 / ALUGUER DE 15 MES	24 45	09/10/2024	09/10/2024	338.22699	907,50
SISTEMAS ELECTROACUSTICOS ARTEIXO S.L.	INSTALACIÓN DE CONTROL DE ACCESOS, SEGÚN PRESUPUESTO Nº 5740. / ZKINBIO460PR CONTROLADORA DE ACCESO / ZKQR600VMF LECTOR	F24- 258	08/10/2024	10/10/2024	342.62300	4.132,15
IMPRESA ROBERTO SL	CARTELES COLOR FEIRA DAS CRUCES	FAC2024 0595	12/09/2024	11/10/2024	338.22699	254,10
IMPRESA ROBERTO SL	CARTELES FESTIVAL INTERCULTURAL 50 X 70	FAC2024 0594	12/09/2024	11/10/2024	338.22699	145,20
IMPRESA ROBERTO SL	CARTELES FESTA DO RIO	FAC2024 0593	12/09/2024	11/10//2024	338.22699	66,79
CONSTRUCCIONES MONTERROSO VARELA S.L.	HORAS DE TRABAJOS REALIZADOS DE SACAR TIERRA VEGETAL Y METER ZAHORRA EN CAMINO DE ACCESO A FINCAS DE GUIZO / HORAS DA AL	24A 55	21//10/2024	21/10/2024	454.21000	2.117,50
SERGIO LAMAS CASAL	TRABALLOS DE	2024-8	01/10/2024	22/10/2024	136.22799	4.658,50

	DESBROCE E LIMPEZA DE PISTAS EN PONTEPEDRA, CASANOVA, NOGUEIRA, CARELLE, BOCELO VALLO E EOLICOS					
CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO S.L.	REPARACIÓN DE CAMIÑO EN CRUZ DE XANGOTE / HORAS PALA / HORAS DUMPER / HORAS MANO DE OBRA OFICIAL DE ALBAÑILERIA / ZAHORR	B2024. 94	18/10/2024	22/10//2024	454.21000	15.875,20
CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO S.L.	REPARACIÓN DE CAMIÑO EN CAMPELOS (CARELLE) / HORAS PALA / HORA DUMPER / HORA M.O. OFICIAL DE ALBAÑILERIA / TUBOS PVC / Z	B2024. 93	17/10//2024	22/10/2024	454.21000	18.936,50
RUBEN VEIGA VAZQUEZ	DEFENSA LEGAL DEL PROCEDIMIENTO ORDINARIO 757/2023.JUZGADO DE LO SOCIAL Nº4 REFUERZO.A CORUÑA (MINUTA DE HONORARIOS PRO	2024 49	23/10/2024	24/10/2024	920.22604	8.451,85

A intervención emite nota de reparo suspensivo ao recoñecemento das obrigas das facturas polos seguintes motivos:

“CONCLUSIÓN

Este informe realízase exclusivamente a efectos da intervención previa prevista na normativa vixente e manifestando expresamente a non valoración das circunstancias de oportunidade, necesidade ou urxencia que motivan o acto suxeito a control.

. Esta intervención EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga das seguintes facturas polos motivos expostos.

Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora, formularalle ao presidente da entidade local unha discrepancia.

Malia o disposto no número anterior, no presente caso corresponderá ao PLENO a resolución das discrepancias cando os reparos:

a. Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.”

Segundo o artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Baséense en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

b) Refíranse a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia. Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigacións ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

a) Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.

b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.

c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

No prazo de quince días desde a recepción do reparo, as discrepancias formularanse ao presidente ou ao Pleno da corporación local, segundo corresponda e, de ser o caso, a través dos presidentes ou máximos responsables dos organismos autónomos locais, e organismos públicos en que se realice a función interventora, para a súa inclusión obrigatoria, e nun punto independente, na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Unha vez resolta a discrepancia, poderase continuar coa tramitación do expediente, e deixarse constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, de ser o caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control.

A resolución da discrepancia por parte do presidente ou do Pleno será indelegable, deberase ditar no prazo de quince días e terá natureza executiva.

O presidente da entidade local e o Pleno, a través do citado presidente, previamente á resolución das discrepancias, poderán elevar resolución das discrepancias ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira”

Esta alcaldía entende que debe aprobarse o recoñecemento da obriga por tratarse de obras , servizos e suministros necesarios, que efectivamente se prestaron , que constan coa miña conformidadee e que o non pago das mesmas entraría en colisión coa teoría do Enriquecemento Inxusto amplamente recoñecido pola nosa doutrina.

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concernente ao órgano que ten que resolver as discrepancias, esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Dotar de créditos ás partidas orzamentarias afectadas na relación de facturas mediante un expediente de modificación de Créditos Extraordinarios e Recoñecemento de Créditos do Orzamento de 2024 para o recoñecemento e pago de ditas facturas.

SEGUNDO: Resolver as discrepancias plantexadas pola Intervención e que se continue co procedemento e imputar o gasto ao presuposto do exercicio 2024, unha vez se produza a entrada en vigor da aprobación do modificación do orzamento de 2024 polo Pleno ,a través dun recoñecemento extraxudicial de créditos.”

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), , Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos

4.-MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 16.2024 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“Exp. 2024/T002/000016

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: modificación crédito 16/2024 de Créditos extraordinarios e Suplementos de créditos con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais

En previsión dos gastos previstos até fin do presente exercicio e para dotar de crédito suficiente e axeitado naquelas partidas orzamentarias con insuficiente dotación e atendendo o acordó plenario do 25/09/2024 no que respecta a partida de traballos realizados para a prevención de incendios, e o crédito extraordinario para a instalación dun sistema de seguridade de acceso ás instalación deportivas, entre outras cousas e tal e como se plantexa na Memoria de Alcaldía do presente expediente, faise necesaria a tramitación do presente expediente de modificación de créditos na modalidade de suplementos.

E dado que se dispón de remanente líquido de Tesourería segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, da incorporación de remanentes e do anterior modificativo nº 5.2024, pola Alcaldía propúxose a modificación orzamentaria por Suplemento de Créditos financiados con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Con data 28.10.2024 emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Con data 29.10.2024 emitíuse informe de Secretaría-intervención sobre a Lexislación aplicable e o procedemento para seguir .

Con data 29.10.2024 emitíuse informe de intervención e informe sobre a avaliación da estabilidade orzamentaria.

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte. ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 16.2024 na modalidade de Suplemento de Crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do exercicio anterior e dos estados contables na data de inicio do presente expediente, como segue a continuación:

ORZAMENTO DE GASTOS

Créditos Extraordinarios

Aplicacións orzamentarias		Descrición	Euros
programa:	económica:		
342	62300	Instalacións deportivas. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	4.135,00
Total			4.135,00

Suplementos de Crédito

Aplicacións orzamentarias		Descrición	Euros
programa:	económica:		
136	22799	Prevención e extinción de incendios. Outros traballos	26.600,00
1532	21000	Vías públicas. Reparacións e mantemento	2.760,00
161	21000	Abastecemento de auga. Reparacións e mantemento	1.500,00
161	22199	Abastecemento de auga. Outros suministros	1.000,00
165	22103	Alumeado público. Combustibles e carburantes	1.255,00
1622	22799	Xestión de residuos. Outros traballos	7.650,00
1623	22799	Tratamento de residuos. Outros traballos	3.500,00

312	22100	Hospitais e centros de saúde. Enerxía eléctrica	2.000,00
312	22103	Hospitais e centros de saúde. Combustibles	1.000,00
323	22100	Ensino. Enerxía eléctrica	600,00
338	22609	Festexos populares. Actividades	14.500,00
338	22699	Festexos populares. Outros gastos	6.500,00
342	13100	Instalacións deportivas. Retribucións	1.950,00
342	16000	Instalacións deportivas. Seguridade social	275,00
342	22100	Instalacións deportivas. Enerxía eléctrica	4.000,00
342	22199	Instalacións deportivas. Outros suministros	700,00
454	21000	Camiños veciñais. Mantemento	44.000,00
454	21400	Camiños veciñais. Elementos de transporte	3.000,00
454	22103	Camiños veciñais. Combustibles e carburantes	1.800,00
459	22199	Outras infraestruturas. Outros suministros	5.000,00
912	22601	Órganos de goberno. Atencións protocolarias	2.000,00
912	22602	Órganos de goberno. Publicidade e propaganda	6.150,00
920	21600	Administración xeral. Mantemento de equipos informáticos	500,00
920	22100	Administración xeral. Enerxía eléctrica	1.000,00
920	22602	Administración xeral.	1.600,00

		Publicidade e propaganda	
920	22604	Administración xeral. Xurídicos y contenciosos	7.700,00
920	22706	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos	10.000,00
Total			158.540,00

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

**ORZAMENTO DE INGRESOS
RECURSOS QUE FINANCIAN A MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.**

Aplicación	Denominación	Importe
870.10	Remanente de Tesoureria para Gastos Xerais	162.675,00

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- a) O carácter específico e determinado do gasto para realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica].

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

5.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DO LIXO OU RESIDUOS SÓLIDOS URBANS.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2024/G016/000001

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO OU RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO OU RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE SOBRADO

Como saben os señores concelleiros este Concello ten aprobada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo ou residuos sólidos urbanoss.

As últimas tarifas publicadas atopámolas no BOP de A Coruña de 12 de decembro de 2013. Dende o ano 2014 as contías da taxa pola recollida de lixo non sufriron variación.

A economía dos fogares do Concello de Sobrado verase afectada pola subida unilateral e retroactiva do canon de Sogama, impulsada pola Xunta de Galicia, que aumentou de 68,05€/tm a 108€/tm para 2025. Este incremento tradúcese nun custo adicional de case 29.000 euros que recaerá sobre os veciños e veciñas do municipio, obrigando ao Concello a modificar a ordenanza da taxa de recollida de lixo. Así, incrementarase a taxa en 24 euros por vivenda ao ano, o que equivale a 2 euros ao mes.

Cabe destacar que o servizo de recollida de residuos no Concello de Sobrado xa é deficitario, cubrindo unicamente o 55% dos custos totais coas tarifas actuais. Desde o Concello, sinálase que o grave problema deste aumento do canon de Sogama é que se produce para manter un modelo de xestión obsoleto, tanto económica como medioambientalmente. Este incremento, imposto unilateralmente pola Xunta, traslada á comunidade os custos adicionais que supón un modelo de incineración e transporte que

leva máis de 20 anos en funcionamento, e que contravén as directrices europeas, as cales deberían ser implementadas hai tempo.

Se propón asemade a traducción ao galego do texto da ordenanza e que os artigos 1 e 11 fagan referencia á normativa actual O Real Decreto Legislativo 2/2024, de 5 de abril, polo que se aproba o texto refundido da lei Reguladra das Facendas Locais:

Polo exposto propoño ao Pleno do Concello adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo ou residuos sólidos urbanos, de conformidade coa redacción que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expoñer ó público a Ordenanza de modificación inicialmente aprobada polo prazo de trinta días hábiles a efectos do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que de non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación inicial será elevada a definitiva sen máis trámite, ó abeiro de canto se establece polo artigo 17.3 da citada Lei; entrando en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

Sobrado, na data da sinatura electrónica á marxe.

O alcalde,

Luis Lisardo Santos Ares

ANEXO

“Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbanos.

Artigo 1. Fundamento legal

1. De conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese a taxa polo servizo de recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbanos.

2. Polo carácter hixiénico-sanitario a recepción do servizo é obrigatoria.

Artigo 2. Obrigación de contribuir

1. Feito imponible.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, establecementos hoteleiros, e locais onde se exerzan actividades industriais, comerciais.

2. Obrigación de contribuír. - A obrigación de contribuír nace coa prestación do servizo, por ter a condición de obrigatoria e xeral, entendéndose utilizado polos titulares de vivendas e locais existentes na zona que cobra a organización do servizo municipal.

3. Suxeito pasivo.- Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, e as entidades a que refírese o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiarias.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte, os propietarios das vivendas ou locais, quenes poderán repercutir, no seu caso, sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 3. Base imponible e cota tributaria.

1. A base imponible da taxa determinarase en función da natureza e destino dous inmobles.

2. A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte TARIFA:

Prestación do servizo en:

1.-Vivendas familiares: 84 €/ano.

2.-Bares cafeterías: 140 €/ano.

3.-Hoteis, fondas, residencias: 140 €/ano.

4.-Locais industriais: 140 €/ano.

5.-Locais comerciais: 140 €/ano.

Artigo 4. Exencións ou bonificacións

Artigo 5. Administración e cobranza

1. Anualmente formarase un Padrón no que figurarán os contribuíntes afectados e as cotas respectivas que se liquiden, por aplicación da presente Ordenanza, o cal será exposto ao público por quince días a efectos de reclamacións previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e por edictos na o forma acostumada na localidade.

2. Transcorrido o prazo de exposición ao público, o Concello resolverá sobre as reclamacións presentadas e aprobará definitivamente o Padrón que servirá de base para os documentos cobratorios correspondentes.

Artigo 6.

As baixas deberán cursarse, todo o máis tardar, o último día laborable do respectivo período, para fornecer efectos a partir do seguinte. Quen incumpra tal obrigaón seguirán suxeitos ao pago da exacción.

Artigo 7.

As altas que se produzan dentro do exercicio, fornecerán efectos desde a data en que naza a obrigaón de contribuír, pola Administración procederase a notificar aos suxeitos pasivos a liquidación correspondente ao alta no padrón, con expresión de:

a) Os elementos esenciais da liquidación.

b) Os medios de impugnación que poidan ser exercidos, con indicación de prazos e organismos en que haberán de ser interpostos; e

c) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

Artigo 8.

As cotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario faranse efectivas pola vía de constrinximento, conforme as normas do Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, conforme se ordena no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Artigo 10. Partidas erradas

Consideraranse partidas erradas ou créditos incobrables, aquelas cotas que non puidesen facerse efectivas polo procedemento de constrinximento, para cuxa declaración se formalizará o oportuno expediente de acordo co previsto no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal rexerádende ou día 1 de xaneiro de 2025, emanterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Aprobación

A presente Ordenanza, que consta de dez artigos, foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día vinte e tres de novembro de mil novecentos oitenta e nove.” ”

O concelleiro do Grupo Mixto, D. Samuel Márquez Santos manifesta a súa disconformidade coa proposta e di que o incremento da taxa debería ser máis progresiva e non dun 40% de golpe. Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), , Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Abstencións:(0)

Votos en contra (1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:05 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretario accidental, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A
Coruña)
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577
correo@sobrado.es -